

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO
ESTUDO AS MULLERES NA LITERATURA GALEGA E A SÚA PROXECCIÓN EXTERIOR.
KATHLEEN NORA MARCH**

En Santiago de Compostela, 11 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o **Consello da Cultura Galega**, con CIF Q6550003E, e sede en Pazo de Raxoi, 2º andar, Praza do Obradoiro s/n, 15705, Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D., Presidente do Consello, con poderes suficientes para a realización deste acto en virtude do establecido na Lei 8/1983, de 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega.

e doutra, a **Universidade de Santiago de Compostela**, con CIF Q1518001A, e enderezo en Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705, Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D., Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela con poderes suficientes para a realización deste acto en virtude do establecido nos Estatutos da citada Universidade.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que son funcións do Consello da Cultura Galega, segundo a Lei 8/1983 de 8 de xullo, de fundación e organización do Consello, nos parágrafos b), c) e e) do artigo 6º, Título II “investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego. Organizar actuacións culturais axeitadas ás fins do Consello dentro e fóra de Galicia. Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego”.

SEGUNDO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, como entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega consideran conxuntamente a necesidade de levar adiante un estudo baixo o título *As mulleres na literatura galega e a súa proxección exterior, Kathleen Nora March*.

O Consello da Cultura Galega, como institución comprometida coa incorporación plena das mulleres e das súas producións no decorrer da dinámica sociocultural galega e universal, ten en marcha varios proxectos de análise do papel da muller na Galicia contemporánea. O acceso a datos e a información que permitan afondar nestas cuestións emerxe como un dos principais problemas. Así, recuperar, visibilizar e facilitar o acceso á información, datos, voces, imaxes, escritas, traballos e traxectorias de mulleres marcan os obxectivos principais do Consello da

Cultura Galega neste eido. É nesta liña de investigación onde podemos inserir o estudo *As mulleres na literatura galega e a súa proxección exterior da Kathleen Nora March*.

Este proxecto de estudo e investigación terá como cerne de análise xeral a evolución do lugar ocupado polas mulleres no mundo do pensamento e da produción literaria, así como os estudos galegos relativos á filoloxía, á tradución e á difusión da creación literaria de mulleres en Galicia e especialmente a súa proxección fóra de Galicia. Terá tamén como ámbito específico a figura de Kathleen Nora March. Filóloga e hispanista que na súa traxectoria investigadora combinou sempre o interese pola literatura galega e pola de autoría feminina (Rosalía de Castro, Xohana Torres ou Luz Pozo entre outras). Ten traducido ao inglés obras de Rosalía de Castro, Cunqueiro ou Claudio Rodríguez Fer, e ten estudado tamén a obra de Manuel Antonio ou Castelao. Foi tamén a primeira presidenta (1982-1985) da actual Asociación Internacional de Estudos Galegos (orixinalmente Galician Studies Association). Estas cuestións convértena nunha indiscutíbel fonte de coñecemento e experiencias na temática proposta.

Ambas partes recoñécense capacidade legal bastante para a conclusión do presente convenio, polo que na súa virtude acordan as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo baixo o título *As mulleres na literatura galega e a súa proxección exterior da Kathleen Nora March*.. O proxecto de traballo insírese na liña de pór en valor a dar visibilidade ás contribucións das mulleres e do feminismo á cultura galega e universal.

SEGUNDA.- O obxectivo principal deste proxecto concrétase na actividade de Kathleen Nora March como fío condutor para análise do papel das mulleres no mundo dos estudos literarios en Galicia e a súa proxección internacional.

Este estudo terá como eido de análise, en xeral, o papel da literatura escrita por mulleres e a súa repercusión exterior é como ámbito específico o estudo da figura de Kathleen Nora March.

Trátase de promover unha visión máis completa e complexa do papel que desenvolveron as mulleres no coñecemento, na práctica e desenvolvemento dos estudos literarios en Galicia, mediante a busca de información e procura documental sobre a presenza da literatura de mulleres na Filoloxía contemporánea e a difusión dos materiais compilados a través da Internet, nos sitios *on line* do Consello da Cultura Galega.

TERCEIRA.- A investigación desenvolverase ao longo do exercicio 2016, este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia até o 31 de decembro de 2016.

En función das necesidades da investigación, ábrese a posibilidade da prórroga do presente convenio, mediante a correspondente addenda, para o vindeiro ano por acordo explícito de ambas as partes.

CUARTA.- Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha comisión que estará composta por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dous representantes da Universidade de Santiago de Compostela, nomeados polas respectivas institucións. Esta comisión será encargada de resolver as controversias que puideran xurdir respecto á interpretación e efectos do presente convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela remitirá a un interlocutor, designado polo Consello da Cultura Galega, informes periódicos que recollan a marcha dos traballos da investigación obxecto do presente Convenio.

O Consello da Cultura Galega prestará o asesoramento técnico preciso para a execución da actividade prevista no presente Convenio.

QUINTA.- A dotación e infraestrutura técnica e de persoal para a realización da investigación correrá a cargo da Universidade de Santiago de Compostela. O estudo desenvolverase por un equipo investigador dirixido pola profesora....., que ademais actuará como interlocutor fronte ao Consello da Cultura Galega.

SEXTA.- O Consello da Cultura Galega destinará para o financiamento da investigación a cantidade de CORENTA MIL EUROS (40.000,00), I.V.E. incluído, para o que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 03.01.111D.640.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

A citada cantidade distribuirase da seguinte maneira:

- 50%. A cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000,00.-), I.V.E. incluído, á entrega dun primeiro informe parcial dos traballos previstos neste convenio, a presentación da factura correspondente, así como unha certificación de que os traballos foron realizados de conformidade co establecido.
- 50% restante. A cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000,00.-), I.V.E. incluído, á entrega dun informe final sobre os traballos levados a cabo, a presentación da factura correspondente, así como unha certificación de que os traballos foron realizados de conformidade co establecido.

Ditos pagamentos só cubrirán o custo de realización da actividade, sen a Universidade de Santiago de Compostela poida obter beneficio algún polos mesmos.

SÉTIMA.- A titularidade e uso da investigación obtida correspóndelle ás Administracións que interveñen no presente Convenio. Ambas institucións figurarán como coautoras da investigación.

O Consello da Cultura Galega resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do Convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Nas publicacións que se deriven do estudo deberán figurar os logotipos e mencións dos organismos coautores.

En calquera caso, a Universidade de Santiago de Compostela poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en cuestións propias da súa función investigadora.

Calquera transformación dos resultados do proxecto de investigación requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do Convenio.

Calquera que sexa o medio de difusión dos resultados da investigación, ambas partes comprométense a facer mención expresa do presente Convenio.

OITAVA.- A participación dos investigadores da Universidade de Santiago de Compostela nas actividades mencionadas no presente convenio efectuaranse no marco da Lei Orgánica de Universidades e conforme á regulamentación propia da Universidade de Santiago de Compostela recollida nos seus Estatutos.

A Universidade de Santiago de Compostela poderá contratar ou nomear colaboradores ou persoal técnico e administrativo para o bo funcionamento do proxecto.

NOVENA.- A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello da Cultura Galega de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- A Universidade de Santiago de Compostela deberá someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como emprestar colaboración ás actuacións de control que lle poidan corresponder á Intervención Xeral da comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

DECIMO PRIMEIRA.- A Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar, no momento de sinatura do presente convenio e nos pagamentos posteriores, declaración responsábel de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e non ter débedas coas Administracións Públicas, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma.

DÉCIMO SEGUNDA.- No compromiso da transparencia e publicidade da actuación, e segundo o disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o presente convenio será obxecto da publicidade prevista na dita lei e será tamén obxecto de publicidade a teor do disposto no artigo 15 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- As partes poderán denunciar ou modificar en calquera momento o presente convenio por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para a resolución do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- O presente convenio de colaboración terá natureza administrativa rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orden á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lido polas partes, e como proba da conformidade co expresado no presente convenio, asinan e rubrican por triplicado exemplar o presente documento, na data e lugar arriba indicados.

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

POLO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Asdo.:

Asdo.: